

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1.

En sesión que tivo lugar o 08 de setembro de 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 7 de abril de 2026 (DOG núm. 67, do 13 de abril) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, acordou, de conformidade coa base II.1.1.2 da convocatoria, establecer os seguintes criterios de corrección, valoración e superación do segundo exercicio do proceso selectivo:

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O segundo exercicio consistirá no desenvolvemento por escrito de un (1) tema, que se elixirá entre tres (3) obtidos mediante sorteo de entre os que figuran no anexo II da Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de outubro de 2025 (DOG núm. 208, do 28 de outubro).

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento oitenta (180) minutos.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SUPERACIÓN DA PROBA

Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará este exercicio valorando, entre outros, os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Patricia Villajos Grande
Presidenta do tribunal